



PRIMEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

Na cidade de A Coruña e sendo as **9:15 horas do día 23 de outubro de 2024**, reúnense na sala de profesores do C.E.I.P. de Prácticas, desta localidade, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

Primeiro.- O Director/a do Centro, D. Juan José Rodríguez Lorenzo, que, baixo a súa presidencia se realiza a reunión, da lectura a todos os presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario

Segundo.- Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da *Xunta Electoral* do Centro, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:

- *Presidente:* D. Juan José Rodríguez Lorenzo - Director do Centro.
- *Vocais:*
 - D./D^a Belén Ojea González (Mestra)
 - D./D^a Mercedes Marina López Garrido (Nai)
 - D./D^a Pilar Nogueira Fraguío (Persoal de administración e servizos)Actúa como *Secretara* a mestra D^a Belén Ojea González

Terceiro.- A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral:

- ***Día 24 de outubro:***
 - Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores, pais/nais e, se ser o caso, persoal de administración e servizos.
 - Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
 - Envío de escritos ao Concello e a ANPA solicitándolles a designación dos seus representantes.



- **Día 11 de novembro** (Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral):
 - Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.
 - Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
 - Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.
 - Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.
- **Día 18 de novembro:** Celebración das votacións de:
 - Persoal de administración e servizos, de ser o caso, ás 12:00 horas.
 - Profesorado: ás 14 horas
 - Pais, nais e titores legais do alumnado: de 16:00 a 18:00 horas
- **Día 26 de novembro** (Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral):
 - Proclamación de candidatos electos.
 - Traslado á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.

E sen máis asuntos que tratar, o Director/a, como Presidente/a da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 9:25 horas do día, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretario/a, dou fe.

Vº E PRACE:
O PRESIDENTE



O/A SECRETARIO/A,

Asdo.: Juan José Rodríguez Lorenzo

Asdo.:

OS VOCAIS,

Asdo.:

Asdo.: P. Nogueira